

## De Manuais Referencia Departamento Informatica

### Obxectivos


Neste **Apartado III** abordaranse os seguintes obxectivos:

- Comprender a estrutura e compoñentes básicos da compartición de arquivos a través de NFS.
- Instalar e configurar servidor NFS. Configurar o cliente NFS para usar as carpetas compartidas polo servidor.
- Compartir os home dos usuarios para que estes poidan iniciar sesión dende calquera cliente e almacenar a súa información na carpeta home do servidor.
- Xestionar os permisos extendidos con Listas de Control de Acceso: ACLs.
- Finalmente un problema na validación NFS dun usuario dende un cliente contra o servidor: asegurarse quen quen se valida é quen di ser e non outro usuario suplantando ó seu identificador de usuario.

Os escenarios cos que traballaremos son:

### Escenario 3.1






Esta imaxe mostra a instalación dos servidores LDAP (APARTADO II) e NFS no equipo server00. Compartindo 2 carpetas: iescalquera e comun. O cliente debe estar configurado para que os usuarios se poidan validar contra o server00 e ó mesmo tempo acceder ás súas carpetas persoais e a comun. Por último axustaranse os permisos das carpetas facendo uso das listas de control de acceso: ACL.

### Escenario 3.2





Un usuario que está no cliente válidase contra o NFS do servidor co UID do usuario, iso é un risco, pois calquera persoa cun portátil pode probar UIDs de usuario para acceder á carpetas do servidor. Para solucionar ese problema farase uso de Kerberos, que coa emisión de tickets para cada usuario, so poderá acceder ós recursos aqueles que teñan o ticket correcto e que ademais sexan quen digan ser.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez